



Concello de Bueu

ACTA NÚM. 2 DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA E MEDIANTE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA, DUNHA VACANTE DE ADMINISTRATIVO/A (C1), INCLUÍDA NA OEP 2023

Asisten:

Presidenta: Sonia Dapena Lois

Vogais: Jacobo Uberto Rodríguez Fernández; Marina Sanjuan Núñez; e Belarmino Barreiro Rosales

Secretaria: Lara Otero Díaz

En Bueu, mediante sesión telemática, sendo as 12.11 horas do día 24 de febreiro do 2026, reúnese o tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura mediante persoal funcionario de carreira dunha vacante de administrativo/a (C1) na quenda de promoción interna, segundo as bases aprobadas pola XGL o 30.09.2025 (CSV 459HGPREDJZE5D6WC7YY74RA) e nomeado mediante a R.A 2026-0196 do 30.01.2026 (CSV 7KWRDXGL6QM6QK2LGYXQ9NQ5G), coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas.

O pasado 13.02.2026 o tribunal realizou a valoración provisional da fase de méritos outorgando un prazo de 5 días hábiles á única persoa aspirante para alegacións e reclamacións. A tal efecto na mesma data foi publicada a acta na web e sede electrónica e no precitado prazo, a aspirante non presentou alegacións. **En consecuencia, o tribunal eleva a definitiva a súa valoración de méritos quedando como segue:**

APELIDOS E NOME	EXPERIENCIA PROFESIONAL (ATA 6 PUNTOS)		FORMACIÓN ESPECÍFICA (ATA 4 PUNTOS)		EXERCICIO DE DEREITOS DE CONCILIACIÓN (ATA 1,6 PUNTOS)	PUNTUACIÓN TOTAL	
	Svos en praza/posto equivalente C1 ata 4 puntos (0,10/mes)	Svos en praza/posto de C2 ata 2 puntos (0,025/mes) (Descontaranse os 2 primeiros anos esixidos para concorrer)	FP de grao superior relacionado (1,5 puntos/ud)	FP de grao medio relacionado (1 punto/ud)			Cursos e accións formativas ata 2 puntos (0,10/cada 10 horas)
AGULLA CABODEVILA, ANGELO MARÍA	0	2 (máis de 6,6 anos de servizos no concello de Bueu; descontados os 2 primeiros anos esixidos para concorrer)	1,5 FP de segundo grao administrativa e comercial	0	2 Xestión orzamentaria nas EELL, 30 horas, EGAP LRBRL, 20 horas, Deputación de Pontevedra Procedemento administrativo electrónico, 30 horas, Deputación de Pontevedra LPACAP e execución do PRTR, 30 horas, Deputación de Pontevedra A nova reforma laboral, 25 horas, Deputación de Pontevedra Contratación administrativa, 12 horas, FEGAMP Orzamentos locais, 12 horas, FEGAMP	0	5,5

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029





Concello de Bueu

					Transformación e evolución do emprego dende a LEPG, 20 horas, EGAP		
					A incidencia da reforma laboral nas EELL, 25 horas, EGAP		

Consonte ás bases xerais o primeiro exercicio será o de lingua galega, máis de acordo coa lista definitiva de persoas admitidas ao proceso a aspirante Ángela María Agulla Cabodevila está exenta da súa realización, polo que será convocada directamente ao segundo exercicio (tipo test) que as bases describen así:

"SEGUNDO EXERCICIO, consistira en contestar un cuestionario tipo test de carácter teórico-práctico relacionado co temario específico de cada unha das prazas convocadas. Non descontarán as preguntas non contestadas nin as contestadas erróneamente.

No caso de acceso a prazas clasificadas no subgrupo C1 cuestionario tipo test estará conformado por 30 preguntas e o tempo de realización do exercicio será de 90 minutos. No caso de acceso a prazas clasificadas no subgrupo C2 cuestionario tipo test estará conformado por 20 preguntas e o tempo de realización do exercicio será de 60 minutos.

O cuestionario será determinado polo Tribunal inmediatamente antes da realización deste. A proba cualificarase de 0 a 20 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 10 puntos para superalo.

As puntuacións/cualificacións resultantes da corrección dos diferentes exercicios da fase de oposición faranse públicas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. Os/as aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios e páxina web municipais. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios e páxina web municipais".

Por tanto, verbo do segundo exercicio da fase de oposición o tribunal acorda o seguinte:

1. Estará conformado por 30 preguntas tipo test, a realizar nun máximo de 90 minutos. Non haberá preguntas de reserva ao non permitilo as bases.
2. Cada pregunta disporá de tres alternativas, das que só unha será correcta.
3. Non descontarán as preguntas non contestadas nin as contestadas erróneamente; tal e como esixen as bases.
4. A proba cualificarase de 0 a 20 puntos, debéndose obter unha puntuación mínima de 10 puntos para superalo. É dicir, precisará 15 respostas correctas.
5. Como o cuestionario ten que ser determinado polo tribunal inmediatamente antes da realización deste, os membros do tribunal elaborarán unha batería de preguntas de entre as que se escollerán as definitivas. Para iso fíxose o seguinte reparto de temas: Sonia o 8, 9, 13 e 14; Jacobo o 7, 10, 11 e 12; Marina o 1, 2 e 6; Belarmino o 4 e 5; o Lara o 3 e 15.
6. Verbo do sinalado, nas bases específicas consta o seguinte temario:
 1. O acto administrativo. Elementos. Clases. Motivación e forma. A eficacia e executoriedade dos actos administrativos. A invalidez dos actos administrativos: nulidade de pleno dereito e anulabilidade. Suspensión e procedementos de execución. Revisión dos actos en vía administrativa. Revisión de oficio. Recursos administrativos: clases. O recurso contencioso administrativo. A convalidación, conservación, rectificación de erros, revogación e anulación dos actos administrativos. Termos e prazos. Cómputos de prazos. A notificación administrativa: práctica das notificacións. Publicación dos actos administrativos.
 2. O procedemento administrativo. Fases do procedemento administrativo común: iniciación do procedemento: clases. Instrución. Terminación. Terminación convencional. A obriga de resolver e o silencio administrativo.

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029





Concello de Bueu

3. A administración electrónica: Marco legal aplicable. Instrumentos para o acceso electrónico ás Administracións Públicas: Sedes electrónicas, canles e puntos de acceso, identificación e autenticación. Dereitos das persoas e os interesados. A xestión electrónica dos procedementos administrativos: rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas.
4. A organización municipal. Órganos necesarios: alcalde, tenentes de alcalde, pleno e xunta de goberno local. Órganos complementarios: comisións Informativas e outros órganos. Réxime de delegación de competencias. Estatuto dos membros electivos das corporacións locais. Funcionamento dos órganos colexiados do Goberno local. Convocatorias e orde do día. Réxime de sesións e acordos. Votacións. Actas e certificados de acordos. O regulamento orgánico.
5. A poboación municipal. O padrón de habitantes. O estatuto dos veciños. Dereitos dos estranxeiros. A participación veciñal na xestión municipal
6. Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: Obxecto, ámbito de aplicación, estrutura. Disposicións xerais, principios de actuación e funcionamento do sector público. Órganos administrativos; réxime de funcionamento, organización e competencias. A recusación e a abstención; regulación e supostos. A responsabilidade patrimonial da Administración. Marco legal aplicable. Principios e procedemento. Previsións particulares no ámbito da Administración local.
7. O orzamento xeral das entidades locais: concepto e contido. As bases de execución do orzamento. A elaboración e aprobación do orzamento xeral. . As bases de execución do orzamento. A prórroga orzamentaria. Os créditos do orzamento de gastos: Delimitación. Situación. Aplicación orzamentaria. Niveis de vinculación xurídica.
8. A execución do orzamento de gastos e de ingresos: as súas fases. Modificacións orzamentarias: clases e tramitación.
9. Os pagos a xustificar e os anticipos de caixa fixa. Os gastos de carácter plurianual. A tramitación anticipada de gastos. Os proxectos de gasto. Os gastos con financiamento afectado: especial referencia ás desviacións de financiamento.
10. Peche e liquidación do orzamento. Resultado orzamentario e remanente de tesourería. Control e fiscalización.
11. O sistema de contabilidade da Administración local: principios, competencias e fins da contabilidade. As Instrucións de contabilidade: especial referencia ao trámite simplificado. Documentos contables e libros de contabilidade
12. O control interno da actividade económico-financieira das entidades locais e dos seus entes dependentes. A función interventora: Ámbito subxectivo. Ámbito obxectivo e modalidades. Os reparos. Os controles financeiros de eficacia e eficiencia. O control externo da actividade económico-financieira. A fiscalización das entidades locais polo tribunal de contas e os órganos de control das Comunidades Autónomas
13. A recadación. Órganos de recadación. A delegación da recadación municipal noutras entidades locais. A colaboración en materia de recadación. Procedemento de recadación en período voluntario. Especial referencia á recadación dos tributos de retribución periódica e cobramento por recibo. Aprazamento e fraccionamento. Procedemento de recadación en período executivo. Procedemento de constrinximento. Inspección e revisión en vía administrativa.
14. As facendas locais: Os tributos locais: clases. Os impostos locais obrigatorios e potestativos. As taxas municipais. As contribucións especiais. Os prezos públicos. O procedemento de establecemento de recursos non tributarios.
15. O persoal ao servizo das Entidades Locais: clases e réxime xurídico. Dereitos e deberes dos empregados públicos locais. Situacións administrativas. Incompatibilidades. Réxime disciplinario. Dereitos económicos.

Sinalado o anterior, o tribunal acorda manter a data pre-anunciada á aspirante na sesión do 13.02.2026, de xeito que será convocada para a realización do exame o 02.03.2026 ás 11.30 horas na sala de concelleiros do concello de Bueu, no andar 3º. Para iso o tribunal reunirse ás 11.00 horas no despacho da secretaria.

A vista do que antecede, o tribunal acorda:

1. Publicar esta acta no taboleiro de edictos e na web municipais, tendo por realizada a valoración definitiva de méritos e dando por finalizada a fase de concurso do proceso selectivo, co seguinte resultado:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN TOTAL
AGULLA CABODEVILA, ÁNGELA MARÍA	5,5

2. Iniciar a fase de oposición do proceso de selección e xa que a persoa aspirante está exenta do primeiro exercicio por ter acreditado posuír o Celga 4 ou equivalente; convocala á realización do segundo exercicio da fase de oposición (proba tipo test) o vindeiro 02.03.2026 ás 11.30 horas na sala de concelleiros da

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029





Concello de Bueu

casa consistorial (andar 3º). Para o chamamento e a realización da proba deberá portar: o seu DNI e un bolígrafo de cor azul ou negra.

O exame constará de 30 preguntas tipo test, a realizar nun máximo de 90 minutos. Non haberá preguntas de reserva, ao non permitilo as bases. Cada pregunta disporá de tres alternativas, das que só unha será correcta. Non descontarán as preguntas non contestadas nin as contestadas erróneamente. A proba cualificarase de 0 a 20 puntos, debendo obter 10 puntos para superalo (é dicir, a aspirante precisará 15 respostas correctas para superar a proba).

3. Convocar ao tribunal ás 11.00 horas do 02.03.2026 no despacho da secretaria xeral do concello e secretaria do tribunal, para a elaboración e impresión da proba que se realizará á persoa aspirante.

Sen máis asuntos que tratar, declárase levantado o acto, sendo as 12.14 horas e ordenándose a redacción desta acta á secretaria, acta que é asinada dixitalmente polos membros do tribunal.

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 (Pontevedra). Tfno. 986390029

